

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL FRADES

Aprobación definitiva dos orzamentos do exercicio 2020

Aprobación definitiva dos orzamentos do exercicio 2020

Aprobado inicialmente o orzamento xeral xunto coa plantilla de persoal e anexos para o exercicio económico de 2020, entre os que se encontran as bases de execución do orzamento 2020, en sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 17 de xaneiro de 2020, e sometido o expediente a información pública durante o prazo de quince días hábiles, en virtude do anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia número 15, de data 23 de xaneiro de 2020, sen se ter presentado alegación ningunha considérase definitivamente aprobado de conformidade co disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Aos efectos da súa entrada en vigor, ao abeiro do artigo 169.3 do RDL 2/2004, faise público o seu resumo por capítulos, así como a plantilla de persoal:

ESTADO DE GASTOS 2020		
Cap. 1	Gastos de persoal	419.517,25
Cap. 2	Gastos de bens correntes e servizos	900.191,39
Cap. 3	Gastos financeiros	5.000,00
Cap. 4	Transferencias correntes	154.255,00
Cap. 6	Inversións reais	619.929,58
Cap. 7	Transferencias de capital	36.827,84
Cap. 8	Activos financeiros	
Cap. 9	Pasivos financeiros	
TOTAL GASTOS		2.135.721,06
ESTADO DE INGRESOS 2020		
Cap. 1	Impostos directos	381.914,35
Cap. 2	Impostos indirectos	54.000,00
Cap. 3	Taxas e outros ingresos	265.700,54
Cap. 4	Transferencias correntes	978.333,64
Cap. 5	Ingresos patrimoniais	500,00
Cap. 6	Alleamento de investimentos reais	
Cap. 7	Transferencias de capital	455.272,53
Cap. 8	Activos financeiros	
Cap. 9	Pasivos financeiros	
TOTAL INGRESOS		2.135.721,06

CADRO DE PERSOAL 2020**A) PERSOAL FUNCIONARIO:****Escala.–Denominación.–Grupo.–Nivel C.D.–N.º prazas.–Vacantes**

Hab. Nac.–Secretaría-Intervención-Tesourería.–A1/26.–1.–0. Cobertura definitiva

Admón. Xeral.–Alguacil-porteiro.–E.–14.–1.–0. Cobertura definitiva

B) PERSOAL LABORAL TEMPORAL:**Prazas.–Denominación.–Xornada**

1.–Animador deportivo.–Completa.

1.–Técnico/a local de emprego-Axente de emprego desenvolvemento local.–Completa.

3.–Conductor de tractor.–Completa.

1.– Arquitecto.–Completa.

1.–Administrativo, Secretario do Xulgado de Paz.–Completa.

1.– Peón de obra pública.–Completa.

*NOTA.–Non se inclúen os traballadores/as dos Plans de Emprego nin os traballadores/as en réxime de contratación temporal por períodos inferiores a un ano.

O que se publica para xeral coñecemento, sinalando que, de conformidade co establecido no artigo 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación definitiva poderá interpoñerse directamente recurso contencioso- administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar dende a publicación deste anuncio.

Frades, 18 de febreiro de 2020.

O alcalde-presidente

Roberto Rey Martínez

2020/1409